

Texto transaccionado da proposición non de lei:

O Parlamento insta ao Goberno a que, nun marco de respecto e colaboración institucionais, se proceda a negociar cos gobernos das comunidades autónomas con territorios nos que se fala a lingua galega, a posta en marcha das seguintes medidas:

1. A sinatura de convenios de colaboración con aquelas comunidades autónomas coas que aínda non están subscritos para impulsar, en aquelas comarcas nas que se fala galego, a popularización social do uso da nosa lingua e a potenciación do seu uso, nomeadamente no ensino.
2. Nos convenios de colaboración xa subscritos ou a subscribir, prestaráselle especial atención, contando co apoio preciso do goberno de Galiza -sempre no contexto do necesario consenso e concertación- ás seguintes materias:
 - a) Realización de estudos sociolingüísticos
 - b) Oferta de cursos de galego para traballadoras e traballadores da Función Pública.
 - c) Fomento da utilización do galego nas administracións locais das áreas galegófonas.
 - d) Recuperación das formas propias na toponimia dos territorios de fala galega, a través da constitución de comisións mixtas.
3. Propiciar a sinatura de convenios para mellorar a recepción do sinal de Radio Galega e TVG nestas comarcas, así como aumentar a presenza das informacións sobre estas zonas na CRTVG criando mesmo, de ser posíbel, programas territoriais propios.
4. Apoio ás organizacións sociais que se esforzan na promoción do galego nestas comarcas.
5. Apoiar e subvencionar o uso do galego escrito ou oral por parte dos medios de comunicación desas comarcas.
6. Estender a estas comarcas as campañas de fomento da lectura en galego.